

## **ESTUDO SOBRE O TURISMO DE REUNIÓNS NA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ( ANO 2005 )**

### **Principais Conclusións:**

As conclusións que a continuación se presentan forman parte dun estudo sobre o turismo de reunións na cidade que Turismo de Santiago e o Santiago de Compostela Convention Bureau (SCCB) encargaron ó CETUR (Centro de Estudos e Investigacións Turísticas) en xuño de 2005.

O estudo establece como obxectivo xeral coñecer e analizar as características e os impactos do turismo de reunións na cidade de Santiago de Compostela. Na realización do mesmo inclúese a creación dunha base de datos das reunións realizadas na cidade, a recolleita das informacións necesarias para cumprimentar o informe que o SCCB debe realizar anualmente para o Spain Convention Bureau (SPC), a definición das características da demanda e do perfil dos participantes nas reunións a través da realización e análise dunha enquisa deseñada especificamente, e a estimación do impacto económico directo do turismo de reunións na cidade.

Se ben o estudo encargouse en xuño de 2005, efectuouse a procura da información básica por cada reunión ó longo de todo o ano, consultando as distintas fontes (Prensa, Xunta, SCCB, Socios do SCCB, Universidade, etc.), tamén en relación ós primeiros seis meses do ano.

O número total de reunións pasou dende as 251 no 2004 ás 271 no 2005. O cambio da metodoloxía impuña un coidado particular á hora de comparar os datos cos do ano 2004 e, polo tanto, todo tipo de comparación terá carácter orientativo. Dito cambio impide unha comparación dos datos relativos ó número de inscritos nas reunións, cifra que no ano 2005 achégase ás 50.000 persoas.

O reparto temporal é testemuña do coñecido efecto de desestacionalización deste tipo de turismo. Tal é así que os meses de maio e novembro foron os que rexistraron maior número de reunións (12,36% no primeiro e 17,09% no segundo).

Pola definición das características da demanda e do perfil dos participantes nas reunións, a metodoloxía de estudo baséase na realización dunha enquisa destinada aos turistas de reunións da cidade de Santiago. A recollida de datos realizouse, no segundo semestre do 2005, en distintas sedes

onde se desenvolveron as reunións (nun 49% no Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia, (PCEG), nun 47% nos espazos da Universidade, nun 7% noutras sedes).

Dos resultados extraídos da análise da enquisa poden subliñarse as seguintes conclusións:

? O 14,71% dos turistas son galegos, mentres que outro 60,59% é español, outro 18,82% doutros países europeos e un 5,88% doutras partes do mundo.

? En relación ao aloxamento utilizado, un 67,12% dos turistas de reunións pernocta nalgún hotel da cidade, dos que no 59,62% dos casos contrátase o almorzo tamén.

? A estadía media dos turistas é maior que o período medio de duración das reunións (como se pode notar, a estadía media na cidade, 3,63 noites, é superior á duración das reunións 2,41 días).

? Entre os principais atractivos da cidade a maioría dos turistas sinala a Catedral e o seu entorno (63,50%), e o patrimonio histórico-artístico (54,10%). Un peso moi importante cubre tamén a gastronomía (36,50%).

? A mesma gastronomía resulta ser un dos elementos máis valorados (cunha valoración de 8,12 sobre 10) superado só pola hospitalidade e amabilidade da xente (8,56), xunto coa valoración global da cidade (8,04).

? En liñas xerais, corrobórase o elevado grao de satisfacción do turista de reunións na súa viaxe a Santiago así como a valoración positiva da cidade como destino turístico. O 86,75% considera que Santiago é un destino turístico de reunións atractivo, mentres que preto do 75% considera que a relación calidade/prezo de Santiago é boa ou moi boa.

? A case totalidade de turista de reunións ten estudos universitarios e está traballando (89,88% no primeiro caso e 86,39 no segundo). O nivel de renda deste tipo de turista é moi elevado: case o 40% gaña máis de 2000 euros e permite niveis de gasto moito máis elevados cos dos turistas convencionais.

? Merece a pena destacar as diferenzas co total do gasto directo realizado por un turista convencional no mesmo semestre (71,20 euros contra os 152,60 do turista de congresos, cunha diferenza de 81,40 euros). O turista convencional paga por termo medio 31,20 euros diarios polo aloxamento, mentres que o turista de congresos máis do dobre: 75,30 euros. O turista convencional realiza un gasto diario (determinado pola suma de: comidas, transporte interno, compras, ocio, outros) de 40,00 euros mentres que o turista de congresos case o dobre: 77,30 euros.